

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1110V4	<i>Expediente</i> CON/52/2016	<i>Fecha</i> 12-05-17 13:25

Número 7 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Obras de Mellora da pavimentación dos viais nas parroquias de Enfesta, Villestro e O Eixo (POS 2016)".

Destinatario

15078DCMG1110V49



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 12 de maio de 2017 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 7 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "OBRAS DE MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS VIAIS NAS PARROQUIAS DE ENFESTA, VILLESTRO E O EIXO (POS 2016)".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 19 de abril de 2017, do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 2017/276 de data 3.5.17.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural e equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Obras de Mellora da pavimentación dos viais nas parroquias de Enfesta, Villestro e O Eixo (POS 2016)", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015.

**EXPÓN:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1110V4	<i>E:pediente</i> CON/52/2016	<i>Fecha</i> 12-05-17 13:25

Primeiro: Con data 3 de abril de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ SL.

Segundo: Con data 18 de abril, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas CANARGA CONSTRUCCIONES SL, CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL, NEMESIO ORDOÑEZ SA, CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL, SONDEOS PORZUNA S.L, CONSTRUCCIONES Y OBRAS ANDUJAR SL e CONSTRUCCIONES ANTOLIN GARCIA LOZOYA SA, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

SEGUNDO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL por superar o tipo máximo de licitación fixado.

TERCEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES CONCIFA SL, que afirma no correspondente formulario que contratará a 0 (cero) traballadores desempregados, incumprindo o taxativo requirimento do prego en forma de condición especial de execución de que os licitadores comprometerán a contratación de alomenos un traballador desempregado a xornada completa.

CUARTO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ SL** (CIF: B15289614), por un importe de **81.236 euros** (IVE aparte 21%: 17.059,56 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 61900."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1110V4	<i>Expediente</i> CON/52/2016	<i>Fecha</i> 12-05-17 13:25

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas CANARGA CONSTRUCCIONES SL, CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL, NEMESIO ORDOÑEZ SA, CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL, SONDEOS PORZUNA S.L, CONSTRUCCIONES Y OBRAS ANDUJAR SL e CONSTRUCCIONES ANTOLIN GARCIA LOZOYA SA, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

**SEGUNDO:** Rexeitar a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL por superar o tipo máximo de licitación fixado.

**TERCEIRO:** Rexeitar a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES CONCIFA SL, que afirma no correspondente formulario que contratará a 0 (cero) traballadores desempregados, incumprindo o taxativo requerimento do prego en forma de condición especial de execución de que os licitadores comprometerán a contratación de alomenos un traballador desempregado a xornada completa.

**CUARTO:** Adxudicar o contrato de "Obras de Mellora da pavimentación dos viais nas parroquias de Enfesta, Villestro e O Eixo (POS 2016)", a favor da empresa **CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ SL** (CIF: B15289614), por un importe de 81.236 euros (IVE aparte 21%: 17.059,56 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 61900.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE  
SANTIAGO

Asdo: Xosé Xesús Duro Fernández

CONCELLO DE  
SANTIAGO

33

